

Catro escultores con discapacidade visual grave na colección do Museo Tiflolóxico da ONCE

7 febreiro ■ 22 xuño ■ 2025



Mediante a exhibición das pezas que se relacionan a continuación, quérese dar a coñecer o traballo e a calidade de **catro escultores con discapacidade visual grave**; a gran capacidade de superación destes artistas e como a súa discapacidade non lles impediou ser autores destas pezas de alto nivel artístico, escollidas dos fondos da colección permanente do museo. En definitiva, trátase de poñer de manifesto a extraordinaria capacidade do ser humano para superar os obstáculos da vida.

Ao mesmo tempo, queremos achegar estas obras ao público xeral dunha maneira diferente: a través do tacto. Isto constitúe unha experiencia nova para aquelas persoas que non temos discapacidade visual grave, ofrecéndonos novas sensacións á hora de gozar e coñecer estas creacións artísticas.



Mediante la exhibición de las piezas que se relacionan a continuación, quiere darse a conocer, el trabajo y la calidad de **cuatro escultores con discapacidad visual grave**; la gran capacidad de superación de estos artistas y cómo su discapacidad no ha impedido que puedan ser autores de estas piezas de alto nivel artístico escogidas de los fondos de la colección permanente del museo. En definitiva, poner de manifiesto la gran capacidad del ser humano para superar los obstáculos en la vida.

Al mismo tiempo queremos hacer llegar las obras al público general de otra manera, a través del tacto. Lo que constituye una vivencia nueva para aquellos que no tenemos discapacidad visual grave, que nos aporta nuevas sensaciones a la hora de disfrutar y conocer estas obras artísticas



Andrés Clariana de Bru (Barcelona, 1973)

Escultor xordocego, conta cunha sólida formación académica nas escolas Masana (1989) e Carmen Muset (1991) de Barcelona. A súa progresiva perda de visión e o cambio na súa maneira de percibir o mundo reflíctense na súa obra.

Ao mesmo tempo, o seu continuo experimentar coa materia lévao a producir obras con resultados diversos. O ritmo, os diferentes volumes e as formas estilizadas da figura humana resólvense de maneira sinuosa e conceptual, onde predomina o seu gusto pola sinxeleza. As súas esculturas dialogan coas mans, susurrando a súa esencia a través do tacto.



Escultor sordociego, posee un sólida formación académica en las escuelas Masana (1989) y Carmen Muset (1991) de Barcelona. Su pérdida de visión: el progreso de cambio en su manera de percibir el mundo, la va expresando en su obra.

Al mismo tiempo, su continuo experimentar con la materia le lleva a producir obras con resultados diversos. El ritmo, los diferentes volúmenes y las formas estilizadas de la figura humana quedan resueltas, de manera sinuosa y conceptual donde predomina su gusto por la sencillez. Sus esculturas dialogan con las manos, susurrando su esencia mediante el tacto.



PAIS E FILLO

Cerâmica policromada

2021

38 x 32 x 22 cm

VÍA LÁCTEA
Cerámica vidrada
2018
30 x 55 x 32 cm.





SOÑANDO

Granito

1998

30 x 30 x 30 cm.



José María Prieto Lago (Covas, Viveiro-Lugo, 1960)

Escultor xordocego que en 1975 comeza o seu achegamento á escultura no taller do prestixioso Juan Luis Otero. Desde entón, a súa traxectoria foi meteórica, dada a súa gran calidade artística. Continuos problemas de saúde influíron na súa carreira, aínda que nunca deixou de crear.

O seu proceso creativo comeza traballando directamente en madeira no seu taller, para logo pasar ao bronce en fundición. Segundo o propio artista:

“No meu estudo sempre estou en soidade, co meu traballo e silencio. Ás veces falo coas esculturas. Os seus movementos enténdense ben coa miña imaxinación. Cando saio fóra do meu estudo resúltame difícil falar coas persoas, fáltanme ideas, non sei que dicir. As miñas esculturas teñen as palabras que necesito para comunicarme convosco e isto tranquilízame. De vez en cando penso se estarei tolo, pero son feliz e sorrio.”



Es un escultor sordociego que en 1975 comienza su acercamiento a la escultura en el taller del prestigioso, Juan Luis Otero, desde entonces, su trayectoria fue meteórica, dada su gran calidad artística. Continuos problemas de salud han influido en su carrera, aunque nunca haya dejado de crear. Su proceso creativo comienza trabajando directamente en madera en su taller, para luego pasar al bronce en fundición.

Según el propio artista: “En mi estudio siempre estoy en soledad, con mi trabajo y silencio. A veces hablo con las esculturas. Sus movimientos se entienden bien con mi imaginación. Cuando salgo fuera de mi estudio me resulta difícil hablar con las personas, me faltan ideas, no sé qué decir. Mis esculturas tienen las palabras que necesito para comunicarme con vosotros y esto me tranquiliza. De vez en cuando pienso si estaré loco, pero soy feliz y sorrio”


EL QUIJOTE

Bronce patinado

1995

100 x 20 x 20 cm.





HOMENAJE Á ONCE

Bronce patinado

1993

17 x 30 x 10 cm.

SEVILLANA
Bronce patinado
1993
34 x 15 x 9 cm.





Rubén González Sánchez (Ávila, 1975)

Escultor con discapacidade visual grave e autodidacta, desde pequeno sentiu a súa vinculación coas artes por tradición familiar, xa que o seu pai e a súa irmá son artistas profesionais. Desafortunadamente, aos cinco anos sofre un accidente que, unido a outros problemas oftalmolóxicos previos, provoca que perda gran parte da visión, aínda que isto non lle impide seguir creando.

En todas as súas obras apréciase o seu amor pola madeira, o seu material predilecto, que traballa desde a perspectiva do artista-artesán. Predominan as formas suaves, cálidas, redondeadas e orgánicas, engadindo o baleiro como un material en si mesmo, ao estilo da arte oriental. A través das súas esculturas expresa as súas experiencias e sentimentos desde unha perspectiva vangardista.



Escultor con discapacidad visual grave, autodidacta, desde pequeno sintió su vinculación con las artes por tradición familiar, su padre y su hermana son artistas profesionales. Desafortunadamente sufre un accidente con cinco años que unido a otros problemas oftalmológicos previos, hace que pierda gran parte de la visión, pero ello no le impide seguir creando.

En todas sus obras se aprecia su amor por la madera, su material predilecto, que trabaja desde la perspectiva del artista-artesano. Predominan las formas suaves, cálidas, redondeadas y orgánicas, añadiendo el vacío como un material en sí como en el arte oriental. A través de sus esculturas expresa sus experiencias y sentimientos desde una perspectiva vanguardista.

AMANTES

Madeira de bidueiro

2021

47 x 25 x 25 cm.



**NAVEGANDO NO
MAR DOS MEUS
PENSAMENTOS**
Madeira de nogueira
2017
30 x 30 x 22 cm.





Miguel Detrell Díaz (México D.F., 1953)

Escultor cego que, desde pequeno, se inclinou polas artes, especialmente o debuxo. Por unha atrofia do nervio óptico, comeza a perder a vista de maneira progresiva ata quedar cego aos nove anos. Entón desenvolveu a súa propia técnica escultórica para continuar coas súas inquietudes artísticas.

Durante os anos 70 e 80 do século XX, mantivo unha traxectoria moi activa, especialmente en México. As súas figuras estilizadas conectan cun sentimento infantil sen abandonar a realidade, o que lles confire un carácter naïf. Marcado pola simplicidade das formas, os seus rostros ovalados carecen de rasgos faciais, pero logran transmitir unha gran tenrura e proximidade.



Escultor ciego, desde muy pequeño se sintió inclinado por las artes, especialmente el dibujo. Por una atrofia del nervio óptico, empieza a perder vista paulatinamente hasta quedar ciego a los nueve años, entonces tuvo que ir desarrollando su propia técnica escultórica para continuar con sus inquietudes artísticas. Mantiene una trayectoria muy activa durante los años 70 y 80, del S.XX, sobre todo en Méjico.

Sus figuras estilizadas, entroncan con un sentimiento infantil que no abandona la realidad, lo cual les dan un carácter naïf. Marcado por la simplicidad de formas, sus rostros ovalados no muestran rasgos faciales, lo que no impide que transmitan una gran ternura y un acercamiento realista a la cotidianidad.

OS NOIVOS

Bronze policromado

1980

47 x 22 x 17 cm.



HOME CON CAN

Bronce patinado

1980

51 x 18 x 28,5 cm.



Catro escultores con discapacidade visual grave na colección do Museo Tiflolóxico da ONCE

7 febreiro • 22 xuño • 2025

Museo Provincial de Lugo

Pl. de la Soledad • s/n, 27001 Lugo

<https://comunidadermpl.gal/museos-lugo/museo-provincial/>

Museo Tiflológico ONCE

C/ La Coruña, 18 • 28020 Madrid • Telf. 91 589 42 19

<http://museo.once.es> • museo@once.es

